



VI CARREIRA do COCIDO – LALÍN 2017

O Club de Atletismo Deza e o Concello de Lalín, organizan o **domingo 29 de Xaneiro de 2017**, a partir das 10:30 horas, a **VI Carreira Pedestre do COCIDO** con saída e chegada na rúa Luís González Taboada (xusto detrás da Igrexa). As probas contarán co control técnico de **Eme Events** e estarán suxeitas ao seguinte regulamento:

REGULAMENTO:

1. Poderá participar toda persoa que o desexe, a partir dos 3 anos de idade.

2. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN :

Masculina e Feminina excepto a Chupete e Pitufos que será Mixta.

- *CHUPETE: nados no 2012 e posteriores.
- *PITUFOS: nados no -2010-2011.
- BENXAMÍN: nados no 2008-2009.
- ALEVÍN: nados no 2006-2007
- INFANTIL: nados no 2004-2005
- CADETE: nados no 2002-2003
- XUVENIL: nados no 2000-2001
- XUNIOR: nados no 1998-99
- PROMESA: nado no 1995-96-97
- SENIOR: nados no 1994 ata veterano.
- VETERAN: a partir de 35 e agrupados de 10 en 10 anos

* **As categorías chupete e pitufos non son categorías federativas**

* **Todos os atletas teñen vestiarios e duchas a súa disposición no Lalín Arena.**

3. HORARIOS e DISTANCIAS:

11:00 h	ABSOLUTA-XUVENIL/JUNIOR-PROMESA-SENIOR-VETERANS (10.000 metros) unha volta o CIRCUITO GRANDE
11:05 h	INFANTIL, CADETE (1.800 metros). Duas voltas o recorrido
11:20 h	ALEVÍN (800 metros).
11:30 h	BENXAMÍN (800 metros).
12:00 h	PITUFO (200 metros).
12:10 h	CHUPETE (100 metros).
12:30 h	ENTREGA DE TROFEOS ATA A CATEGORIA CADETE INCLUIDA.
13:00 h	ENTREGA DE TROFEOS, RESTO DE CATEGORIAS

4. INSCRIPCIONS CARREIRA:

A **inscrición** da carreira e de **6€** a partir da categoría xuvenil (incluída) o resto dos rapaces/as e totalmente gratuíto.

Neste prezo vai incluído o aluguer do chip, que se devolvera o remate da carreira nos puntos indicados.

- A inscrición realizarase a través da plataforma de internet de: www.emesports.es
- A inscrición na proba pecharease as 23:30 do día 26 de xaneiro

5. **PREMIOS e OBSEQUIOS**

Os trofeos non serán acumulativos. Se entregará:

- **Trofeo** aos 3 primeiros homes e mulleres, da carreira **ABSOLUTA**.
- **Trofeo** aos 3 primeiros de cada categoría e sexo.
- **Trofeo** ao mellor atleta **local** da categoría sénior, (sempre e cando non este entre os 3 primeiros).
- **Trofeo** ao atleta de maior idade, tanto feminino como masculino.
- **Bebidas e froita** e demais agasallos, ao termino de cada proba.
- Obsequio especial "**Embutidos Lalinense**", aos primeiros atletas masculino e feminino da carreira Absoluta e mellor clasificado local, tamén da absoluta e o corredor mais veterano (masculino ou feminino)

6. **SAÍDA - META:** Rúa Luís González Taboada

7. **DORSAIS:** A tódolos participantes facilitaráselle dorsal correspondente a súa categoría, colocando o dorsal no seu peito de forma visible para a súa identificación durante a proba e a chegada. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor.

8. **RECOLLIDA** do dorsal farase dende o día anterior no Lalín Arena de 17:00 a 20:00 ou mesmo día, dende 1 h antes do comezo de cada proba.

9. **CHIP:** os atletas, dende benxamín , estarán ademais, identificados a través dun chip que se entregará en aluguer a cada corredor e que deberán colocar nas zapatillas antes da saída. Chegar a meta sen chip, será obxecto de descalificación. Todos os participantes teñen a OBRIGA de devolvelo ao finalizar a proba nos puntos sinalados o pasar a meta.

10. **CONTROIS:** O longo do percorrido, a organización establecerá controis que estimen oportunos, os cales poderán ser descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.

11. **Avituallamento:** entregárase auga no km 5 da carreira absoluta.

12. Dado o carácter estritamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes o mellor espírito deportivo.

13. O descoñecemento deste regulamento, non exime do seu cumprimento.

RECORDAMOS A TODOS OS ATLETAS QUE TEMOS VESTUARIOS E DUCHAS NO LALIN ARENA A VOSA DISPOSICIÓN.